

As médicas e médicos abaixo firmantes, coñecemos a decisión do Movemento Feminista de practicar abortos polo método Karman, como xeito de presionar á legslidade vixente que nega á muller o dereito de decidir libremente sobre a maternidade.

Como xeito de impoñer na práctica o aborto decidido e consentido pola muller, cando a falla de información sexual, o descoñecemento de medidas anticonceptivas ou o fallo das mesmas a leva a un embarazo non desexado: Consideramos que o Karman (aborto por aspiración nas 1ª 8 semás do embarazo) é o medio menos lesivo e de máis baixo custo.

Coñecemos a súa decisión. Respaldamos sanitariamente a mesma e damos o noso apoio a devandeta iniciativa, conscentes das nosas responsabilidades e da trascendencia das mesmas.

Galicia,

As organizacións políticas e sindicais abaixo firmantes coñecemos a decisión do Movemento Feminista de practicar abortos polo método Karman como xeito de presión e de denuncia da legalidade vixente, que nega a muller o DIREITO DE DECIDIR LIBREMENTE SOBRE A MATERNIDADE; como xeito de impor na práctica o aborto decidido e consentido pola muller cando falla a información sexual, o descoñecemento de medidas anticonceptivas ou o fallo das mesmas a leva a un embarazo non desexado.

Non é unha medida de carácter asistencial. Trátase dunha decisión claramente política, que como tal nós respaldamos e apoiamos. É un paso mais, de grande importancia, na loita pola conquista do dereito ao ABORTO LIBRE E GRATUITO.

O personal sanitario abaixo firmante, coñecemos a decisión do Movimento Feminista de practicar abortos polo método Karman como xeito de presionar á legalidade de vixente que nega á muller o DIREITO DE DECIDIR LIBREMENTE SOBRE A MATERNIDADE.

Como xeito de impór na práctica o aborto decidido e consentido pola muller - cando a falla de información sexual, o descoñecemento de medidas anticonceptivas ou o fallo das mesmas a leva a un embarazo non desexado.

Coidamos que o Karman (aborto por aspiración nas primeiras oito semáns de embarazo) é o mediõ menos lesivo e de mais baixo custe.

Coñecemos a sua decisión e a respaldamos sanitaria e políticamente.

NOME E APELIDOS

D.N.I.

FIRMA

--	--	--